Segundo o acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar, corren a cargo da concesionaria mentres que o Goberno Central autoriza un incremento do prezo das peaxes durante os 20 anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación. Dito acto de inauguración pretendeu visibilizar que dita obra estaba rematada cando a realidade é que a obra, a principios de 2018, segue sen rematar; sinais de obra, desvíos de obra, operarios de obra, zoas de obra restrinxidas á cidadanía, enlaces pendentes de rematar, bandas sonoras sen instalar, Obras en Chapela pendentes, asfaltado, entre outras, dan conta desta obviedade, a obra non estaba rematada o 30 de Decembro.

A obra de ampliación da AP9 é a razón pola que Fomento xustifica a suba do 2% das peaxes durante os 20 anos seguintes á data de finalización de dita obra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24309
Data envio: 29/01/2018 14:29:11.815

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a non aplicar a suba das tarifas das peaxes previstas para este ano pola chamada obra de ampliación ao non terse rematado dita obra no pasado ano 2017.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 14:27:52

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 14:28:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 26168(10/PNP-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:01
Nº Rexistro: 26168
Data envio: 14/02/2018 17:01:29.506

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Xoaquín Fernández Leiceaga** e **José Antonio Quiroga Díaz,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Con grande profusión mediática, a Xunta de Galicia instaurou a finais do ano 2016 a aplicación da gratuidade para a xente nova no transporte metropolitano de Galicia, isto é o servizo de transporte público en autobús competencia da Comunidade que presta os seus servizos no ámbito territorial nucleado actualmente en torno a algunhas das grandes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo).

Pero resulta chocante que esta medida non se estenda tamén ao medio menos urbano de Galicia, nunha lexislatura que segundo declaracións públicas do propio presidente da Xunta de Galicia, está chamada a converterse na *"Lexislatura do rural"*.

A propia normativa aprobada establece na súa parte introdutoria xustificacións que, ao menos con igual motivo, poden ser aplicables ao transporte público en autobús da mocidade no medio rural. Así se fai fincapé en cuestións como a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, incorporando novas actuacións que deben pasar, entre outras medidas, en apostar por mellorar a calidade de vida da infancia e da mocidade a través do fomento da mobilidade co uso do transporte público colectivo, ofrecendo a xente nova condicións especialmente favorables. Cabe engadir ademais, que as razóns de desprazamento no medio rural son en moitas ocasións obrigadas, por cando é forzoso trasladarse para ter acceso a unha serie de servizos dos que carecen, a diferenza do que sucede nas áreas máis urbanas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:01
Nº Rexistro: 26168
Data envio: 14/02/2018 17:01:29.506

Na actualidade xa existen ademais para as tarifas xerais de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada competencia da Xunta de Galicia, a posibilidade de establecer descontos ou bonificacións.

A implantación dos medios tecnolóxicos nos servizos do transporte público por estrada en Galicia, xa xeral segundo a propia conselleira responsable de mobilidade, deben facer posible coa dilixencia necesaria, poder implantar unha tarxeta coas características e vantaxes tarifarias similares as que posúen na actualidade as tarxetas metropolitanas para a xente moza, rematando ca discriminación que están a padecer na actualidade as mozas e mozos que residen no ámbito rural fronte os de carácter máis urbano.

De feito nas adxudicacións dos novos servizos de transporte regular de persoas viaxeiras realizadas nos últimos meses pola Administración autonómica, a instalación e utilización dos sistemas tecnolóxicos apropiados era unha das condicións obrigadas. Constituíndo esta igualmente unha condición que, sen dúbida, tamén deberá formar parte das contratacións que debe realizar a Xunta de Galicia proximamente, a través do que a Xunta de Galicia deu en chamar o seu "Plan de transporte público".

Polo que é posible poñer en marcha tal medida concreta para o conxunto da mocidade de forma inminente.

Ás razóns anteriores pódese engadir que mentres o transporte metropolitano, ten un importe por subvencións por parte da administración autonómica que acada os dez millóns de euros, nas cales están incluídas as axudas para a gratuidade da xente moza, o transporte regular xeral e fora desas áreas urbanas, non conta con contía algunha, o que non deixa de resultar paradoxal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:01
Nº Rexistro: 26168
Data envio: 14/02/2018 17:01:29.506

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións necesarias co obxecto de lograr, antes do final do ano 2018, a gratuidade para a xente moza que utilice o transporte público regular por estrada competencia da Comunidade Autónoma, en condicións cando menos similares as que se posúen na actualidade pola denominada "*tarxeta xente nova*.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Quiroga Díaz
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2018 16:59:25

Noela Blanco Rodríguez na data 14/02/2018 16:59:30

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2018 16:59:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/02/2018 16:59:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 17:01
Nº Rexistro: 26168
Data envio: 14/02/2018 17:01:29.506

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2018 16:59:47

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 27429(10/PNP-001959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27429
Data envio: 06/03/2018 19:01:33.597

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade), establece seis eixes:

1) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27429
Data envio: 06/03/2018 19:01:33.597

6) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha delas aplícase a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que, aos efectos que nos ocupan, en xuño de 2017 (hai 8 meses) a información sobre os indicadores do primeiro curso de vixencia (2016-2017) poden estar dispoñibles, por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes do remate deste período de sesións, un informe sobre a aplicación durante o curso 2016-2017 do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como as necesidades de corrección, se as houbese, do dito plan cara á consecución dos seus obxectivos.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2018 17:16:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/03/2018 17:17:16

María Luisa Pierres López na data 06/03/2018 17:17:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27429
Data envio: 06/03/2018 19:01:33.597

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2018 17:18:16

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 28139(10/PNP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas" e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018

A Mesa do Parlamento acordou a admisión a trámite coa substitución na parte resolutoria da expresión "...O Parlamento de Galicia insta ao Goberno español..." por "...O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que requira ao Goberno español..."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28139
Data envio: 19/03/2018 13:55:24.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de incrementar as pensións non contributivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia dos baixos salarios existentes en Galiza, o noso país recibe pensións contributivas das máis baixas do Estado. Así, con datos de febreiro de 2018, 760.000 persoas reciben algún tipo de pensión contributiva en Galiza, sendo a súa contía media de 788,49 euros. So Estremadura ten unha pensión media menor.

No referido en concreto ás pensións de xubilación galegas tamén son das mais baixas de todo o Estado. Galiza, a data de decembro do 2017, conta con 473.550 persoas que reciben a pensión de xubilación. A pensión media é de 897,95 euros, sendo practicamente a mais baixa do Estado, xa que, outra vez máis, so Estremadura ten unha pensión menor.

O sistema público de pensións complétase coas pensións non contributivas, que as reciben aquelas persoas que se atopan en situación de necesidade aínda que non teñan cotizado nunca ou, tendo cotizado, non o teñan feito durante o tempo exixido en cada caso. Na actualidade, as contías destas pensións son realmente exiguas, sendo a pensión de xubilación non contributiva de 369,9 euros para o 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28139
Data envio: 19/03/2018 13:55:24.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, compre ter en conta que as persoas que reciben esta pensión atópanse en situación de necesidade, e compre ter tamén en conta que, debido á estrutura do mercado laboral galego das pasadas décadas, onde a incorporación da muller ao mercado laboral era aínda menor que a actual, a maioría de perceptores desta renda son mulleres.

Co obxectivo de mellorar esta contía, nos orzamentos da Xunta de Galiza para 2018, dótase un "Fondo extraordinario perceptores subsidios e pensións non contributivas" con 8.200.000 euros. Este complemento autonómico supón 206 euros para as preto de 40.000 persoas que perciben pensións non contributivas, do Fondo de asistencia social ou do subsidio de garantía de ingresos mínimos, e foi aboado nun pagamento único en xaneiro. Trátase dun incremento mensual de 17 euros que en absoluto supón un avance realmente significante na contía da pensión e que mantén ás e aos perceptores de pensións non contributivas cuns niveis de ingresos paupérrimos que dificultan enormemente a satisfacción das necesidades vitais básicas e dificilmente axudará a superar a citada situación de necesidade.

Durante a tramitación dos orzamentos para o 2018, dende o BNG presentamos unha emenda para incrementar o "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas" en 40 millóns de euros, o que suporía 1.000 euros anuais a maiores por prestatario.

Neste sentido, consideramos necesario retomar esta proposta, e realizar un esforzo para aumentar as pensión non contributivas para mellorar as condicións de vida ás persoas preceptoras, mediante un incremento do complemento a estas pensións existente en Galiza e tamén demandando do goberno do estado un maior esforzo na dotación destas pensións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28139
Data envio: 19/03/2018 13:55:24.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a incrementar a contía do "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas", de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno español a incrementar as pensións non contributivas até a cuantía equivalente ao SMI."

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28139
Data envio: 19/03/2018 13:55:24.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 13:42:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 13:42:45

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 13:42:47

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 13:42:50

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 13:42:53

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 13:43:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 28162(10/PNP-002023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidera ter dado unha situación de discriminación

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. **Contexto. As axudas da Acción estratéxica de Saúde.**

O Instituto de Saúde Carlos III, organismo dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación posibilitou a incorporación de investigadores e investigadoras a tempo completo no Sistema Nacional de Saúde. O programa iniciado no ano 1998 leva incorporados máis de 580 profesionais que acreditasen unha traxectoria en investigación biomédica, adquirida en centros españois ou estranxeiros e cunha actividade dirixida á creación de liñas de investigación independentes, ou de reforzo ás previas existentes nos centros aos que estas/es profesionais se incorporaban.

Mediante diversas resolucións desde o ano 2012 ata 2017 a convocatoria das bases do Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) e a contía e requisitos das axudas da Acción Estratéxica da Saúde, no marco do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica foron evolucionando.

Na resolución do 8 de febreiro do 2012, aprobouse a convocatoria de axudas da Acción Estratéxica de Saúde conforme á Orden SCO 523/2008 de 27 de febreiro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

(BOE 29 de febreiro) establecéronse as bases reguladoras da concesión de axudas da iniciativa estratéxica de investigación en saúde no marco das leis 14/2007 de investigación biomédica e da lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e do Plan Nacional de I+D+I 2008-2011 prorrogado por acordo do cve: BOE-A-2012-3035.

Nel establécense as liñas prioritarias establecidas na AES, así entre outras: as tecnoloxías moleculares e celulares de aplicación á saúde humana, a investigación traslacional sobre a saúde humana (centrada no coñecemento dos mecanismos implicados nas enfermidades e na transferencia ás aplicacións clínicas), cunha liña de prioridades sobre problemas de saúde e tratamentos daqueles grupos de entidades nas que o interese social e sanitario é máis relevante, tendo en conta os estudos de carga de enfermidade e de equidade persoal –cerebro, enfermidades neurolóxicas e mentais, desenvolvemento humano e envellecemento, enfermidades infecciosas, cáncer, cardiovasculares, diabete e obesidade, enfermidades raras, respiratorias, do aparato locomotor e tecido conectivo e enfermidades crónicas e inflamatorias-; o fomento da investigación en saúde pública, saúde ambiental e saúde laboral e dependencia e servizos de saúde, para a mellora da calidade de vida funcional da poboación española.

O foco de atención din as propias bases, "*colócase nos novos métodos de investigación e xeración das bases científicas necesarias para sustentar as políticas e tomar decisións no Sistema Nacional de Saúde, baseado nas estratexias con demostrada evidencia científica efectivas e eficientes de promoción da saúde, prevención, diagnóstico e tratamento das enfermidades e rehabilitación*".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

2. As bolsas Miguel Servet I e II. Os criterios de puntuación e a penalización pola baixa por maternidade.

Así mediante a Orde ECC/105/12013 apróbanse as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Acción estratéxica en Saúde 2013-2016. Ao abeiro da mesma dítanse as bases que rexerán a convocatoria correspondente ao ano 2017 de concesión de subvencións da acción estratéxica en saúde 2013-2016. Neste ano 2013 cambian os criterios das bolsas Miguel Servet, estableceéndose dous tipo de contratos diferenciados baixo o mesmo nome Miguel Servet, I e II. Cada un deles responde a criterios diferentes e non se permite o acceso á Miguel Servet II se non se pasou por unha bolsa Miguel Servet I.

O Servizo Galego de Saúde neste ano 2017 presenta solicitude para a obtención dun dos contratos Miguel Servet II convocados e con código de solicitude CPII17/00033.

Mediante resolución do 16 de xuño de 2017 o Instituto Carlos III aproba a relación provisional de solicitantes admitidos e non admitidos, a relación definitiva publicarase o 04/07/2017.

Neste contexto de contratos de investigación e co cambio das bases no ano 2013 que modifica os contratos Miguel Servet dividíndoos en dous: tipo I e tipo II **sinálanse unha serie de períodos de interrupción contemplados inicialmente para o programa en xeral, e obviados nos contratos Miguel Servet II**.

Así, as investigadoras que obteñan esta contratación ao abeiro destes programas non poden quedarse embarazadas nin formar familia, nin acompañadas, nin soas. O esforzo persoal, familiar, de acompañamento é tan alto que non se pode permitir a compatibilización da investigación ao máis alto nivel, baseado na excelencia académica e investigadora e os desexos de ser nai nunha etapa de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

devalo demográfico de Galicia na que tanta falta fai o incremento das taxas de natalidade, e as políticas da Xunta para incrementar a mesma.

Xeralmente, as persoas contratadas baixo os programas Miguel Servet, ou outros programas de investigación teñen unha compoñente de competitividade moi alta, que se traduce en artigos, en investigación en innovación e na busca continua da excelencia.

Nesa busca da excelencia, ocorre que se relega a segundo plano a opción de formar ou de ter unha familia e de incorporar novos membros a ela, mediante o parto ou a adopción, xa que non hai forma de conciliar a excelencia continua cos coidados que esixen as crianzas. **Non existe a opción de conciliación nas bolsas de investigación**, é unha carreira de fondo na que as mellores compiten entre sí por ter o seu propio laboratorio, a súa propia liña de investigación e o persoal ao seu cargo que lles axude nesa tarefa inxente de busca, e ademais subsistir.

Esta regulación traduciuse na práctica en que unha baixa por maternidade computa como tempo de investigación ou curricular **baleiro de contido**, coma se non se estivese producindo. Desta forma a muller que fai uso dun dereito recoñecido legalmente é penalizada na súa carreira profesional, porque o período de avaliación investigador (cinco anos) é o mesmo para os aspirantes varóns ou as mulleres que non tiveron baixa ningunha, cando o razoable é que o período de avaliación fose sobre o tempo efectivamente en activo, cun prorrateo proporcional ao tempo traballado ou fórmula semellante que non penalice á muller que exercita responsablemente a súa maternidade cos dereitos laboralmente recoñecidos.

No ano 2018 asistimos á vulneración dos dereitos das mulleres, penalizadas por o feito de ser nais, en concreto no proceso de avaliación das Bolsas Servet II, onde non se tivo en conta a carencia de produción científica dunha aspirante, María de la Fuente Freire, durante as súas baixas por maternidade, o que supuxo na

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

práctica que ela dispuxo dun 20% menos de tempo que o resto de concorrentes ás bolsas por esta razón, o que evidentemente repercutiu negativamente e de xeito relevante sobre a puntuación final obtida no período avaliado.

3. Tomar nota non é equivalente a deixar de discriminar.

Logo da histórica mobilización do 8 de Marzo de 2018 en defensa da igualdade real das mulleres na nosa sociedade, no eido laboral, salarial, cultural ou dos coidados, co desexo expreso de romper teitos de cristal, os gobernos e partidos de todo signo comprometéronse a tomar nota do sucedido.

As declaracións de intencións ou os bos propósitos de futuro non solucionan por si sos as discriminacións presentes. A propia administración estatal, por medio de comunicación realizada pola Directora de Relacións institucionais do Instituto de Salud Carlos III, comprometeuse a modificar a seguinte convocatoria de Bolsas Miguel Servet, (as bases da AES2018) para poñer fin a esta discriminación por razón de xénero sufrida neste caso por De la Fuente Freire, nun recoñecemento explícito de que as bases da convocatoria, e polo tanto a súa conduta ata este momento era discriminatoria.

Malia isto, finalmente a redacción do ISCIII para a convocatoria en curso, cursada mediante *Resolución do 12 de marzo de 2018, do Director do Instituto de Saúde Carlos III, pola que se modifica a Resolución do 28 de decembro de 2017, do Director Instituto de Salud Carlos III, pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2018 mediante tramitación anticipada de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2013-2016, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016* e a súa corrección de erros de igual data non soluciona o problema. En efecto, a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

convocatoria obrigaría a concorrer de novo ás persoas en situación análoga á denunciada por María de la Fuente para unha nova valoración, coa perda de oportunidade do paso do tempo entre unha convocatoria e outra, cando o lóxico debería ter sido a corrección da valoración discriminatoria.

Aínda que subxace o recoñecemento de que existe a situación discriminatoria na situación de María de la Fuente no proceso competitivo en curso manterase esta discriminación. Lamentablemente, a súa solicitude de revisión consonte cos principios de igualdade e non discriminación por razón de xénero, amparada polo artigo 14 da CE, foi rexeitada no recurso de reposición resolto polo Director do Instituto de Salud Carlos III (Ministerio de Economía, Industria e Competitividade) en data 5/2/2018, fronte a resolución de 5/12/2017, por entender, en síntese (FX 3º) que non existe infracción do principio de igualdade e non discriminación.

Vemos como a mesma administración que recoñece de cara o futuro que as bases discriminan por razón de xénero denega a tutela de dereitos na convocatoria en curso, algo inaceptable en termos xurídicos e políticos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao Goberno central para:

1.- Modificar as bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema Nacional de Saúde para garantir que se inclúan nas bases de contratación, dos concursos públicos e bolsas de investigación, cláusulas de non discriminación polo exercicio dos dereitos laborais recoñecidos legalmente por

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 17:20
Nº Rexistro: 28162
Data envio: 19/03/2018 17:20:36.711

razón de maternidade, de igual forma que se fai xa actualmente no Espazo Europeo.

2.- Iniciar procesos de revisión de procedementos administrativos firmes onde se producisen esta clase de discriminacións para revogar de oficio as situacións xurídicas individualizadas nas que xa se teña vulnerado, coma no caso de María de la Fuente, o dereito á igualdade polo simple exercicio dos dereitos laborais no período de valoración curricular.

3-. Recoñecer, en procedementos administrativos ou xudiciais non firmes, a situación de discriminación producida e recoñecer as pretensións de tratamento.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 19/03/2018 17:16:28

Paula Vázquez Verao na data 19/03/2018 17:16:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 28519(10/PNP-002062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:19
Nº Rexistro: 28519
Data envio: 27/03/2018 13:19:00.524

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Na Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada en xaneiro de 2017, acordouse o impulso da Tarxeta Social Universal e a constitución dun grupo de traballo encargado do seu deseño e posta en marcha.

O Grupo de Traballo reuniuse en diversas ocasións e puxo de manifesto a boa evolución dos traballos; anunciou que a tarxeta será universal, identificou máis de 500 prestacións públicas e situacións subxectivas que formarán parte do proxecto, e determinou que servirá como mecanismo de acreditación simplificando trámites administrativos. O 30 de xaneiro deste ano, a FEMP aprobou por unanimidade o apoio a esta Tarxeta.

A Tarxeta Social Universal é un instrumento destinado fundamentalmente a seguir avanzando na mellora do sistema de protección aos cidadáns. Permitirá aos interesados acreditar a súa situación ante as Administración Públicas ou ante terceiros para ser beneficiarios de políticas sociais.

Asemade, ofrecerá ás Administracións Públicas encargadas de deseñar as políticas sociais un mapa de prestacións e unha ferramenta de análise estatístico que lles vai a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:19
Nº Rexistro: 28519
Data envio: 27/03/2018 13:19:00.524

permitir detectar con precisión as situacións que requiren actuacións públicas, mellorando a coordinación entre as distintas administracións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar a inmediata posta en marcha da Tarxeta Social Universal, en coordinación coas Comunidades Autónomas e os concellos, a fin de que os cidadáns poidan beneficiarse á maior brevidade das vantaxes inherentes á mesma".

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/03/2018 13:13:10

Marta Rodriguez Arias na data 27/03/2018 13:13:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/03/2018 13:13:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:19
Nº Rexistro: 28519
Data envio: 27/03/2018 13:19:00.524

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/03/2018 13:13:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/03/2018 13:13:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/03/2018 13:13:46

María Soraya Salorio Porral na data 27/03/2018 13:13:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/03/2018 13:14:00

Raquel Arias Rodríguez na data 27/03/2018 13:14:07

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/03/2018 13:14:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 28925(10/PNP-002096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraxe do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 28925
Data envio: 05/04/2018 17:37:09.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Na presente semana cúmprense dous meses do inicio da folga indefinida no sector da xustiza, un conflito laboral enquistado en grande medida pola prepotencia e a cerrazón da Xunta de Galiza, nomeadamente do Presidente e do Vicepresidente do goberno galego, que en lugar de tender pontes dedicáronse neste tempo a encirrar os ánimos, provocar as folguistas e menosprezar as razóns e as reivindicacións de traballadoras e traballadores.

2. Un bo exemplo desta actitude incendiaria e provocadora é a filtración de informacións persoais dos representantes sindicais, unha actuación que supón a vulneración de dereitos fundamentais e que ten como único obxectivo manipular a opinión pública e intentar desacreditar o papel da representación sindical e do comité de folga.

3. Chegados a este punto de enquistamento e bloqueo da negociación, o grupo parlamentar do BNG considera que é imprescidíbel unha mediación externa para intentar achegar posturas e conseguir un acordo que permita poñer fin a un conflito laboral que está tendo consecuencias moi negativas para a Xunta de Galiza, para a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 28925
Data envio: 05/04/2018 17:37:09.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración de xustiza e para a sociedade en xeral. E desde logo para as persoas que están en folga, polo custo humano e económico de dous meses de defensa dos seus dereitos con unha medida tan extrema como unha folga indefinida.

4. O Consello Galego de Relacións laborais ten entre as súas funcións precisamente a de mediación e arbitraxe en conflitos laborais, tan como se recolle na lei que regula este órgano, que prevé a mediación especialemente en "conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma":

Promover e facilitar a mediación e arbitraxe previstos nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitraxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

Neste caso, ademais, xa hai unha experiencia previa de mediación da Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais que fixo posíbel avances na negociación, e que se truncou polo veto do goberno galego. Ao longo deste tempo houbo reiterados chamamentos á mediación tanto polo comité de folga como por parte doutros sectores relacionados coa administración de xustiza.

Asemade, cómpre ter en conta que existen acordos parlamentarios unánimes que supoñen unha base sólida sobre a avanzar na negociación e na mediación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 28925
Data envio: 05/04/2018 17:37:09.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a solicitar a mediación e a arbitraxe do Consello Galego de Relación Laborais na negociación entre a Xunta de Galiza e o comité de folga do persoal da administración da xustiza."

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 16:53:10

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 16:53:14

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 16:53:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 17:37
Nº Rexistro: 28925
Data envio: 05/04/2018 17:37:09.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 16:53:17

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 16:53:19

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 16:53:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 27754(10/INT-000896)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:36
Nº Rexistro: 27754
Data envio: 12/03/2018 17:36:30.450

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

A finais de 2016 a empresa mineira Tungsten San Finx SL, pertencente ao grupo Sacyr, solicitou permiso a Augas de Galicia para verter un millón de metros cúbicos anuais de augas residuais procedentes das galerías inundadas e da escorrentía das entulleiras do xacemento de estaño-wolfram.

En xaneiro, varios colectivos como a Plataforma en Defensa do Mar (Plademar Muros-Noia), Adega ou Verdegaia denunciaron as irregularidades e verteduras desa mina de San Fins, en Lousame, que tinguiron de laranxa o regato do mesmo nome e provocaron un forte cheiro a xofre, a aparición de escuma e indicios dun perigo ambiental que ameazaba toda a ría de Noia, ao ser o destino final das augas.

En abril, Augas de Galicia confirmaba a contaminación provocada despois de que a construtora denunciase a un membro de Adega por tomar mostras de auga nas instalacións mineiras.

A Fiscalía de Medio Ambiente acordou a apertura de dilixencias penais e vén de **trasladar ao xulgado as graves irregularidades atopadas na mina de San Fins** para continuar coa investigación. A fiscalía advirte da discutible actuación da empresa, pero tamén da Xunta, non descartando que se cometese un delito contra o medio ambiente ou os recursos naturais. Advirte, así mesmo, de varias irregularidades, unha das cales sería a vertedura de augas industriais ao dominio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:36
Nº Rexistro: 27754
Data envio: 12/03/2018 17:36:30.450

público. A empresa recoñece que este feito se produciu xa antes e durante décadas e, como lembra a Fiscalía, ante as reiteradas denuncias, "tanto a denuncia como as dilixencias incorporáronse ao expediente de autorización de vertidos en vez de tramitarse o correspondente expediente sancionador".

A Fiscalía subliña que, habendo vertidos de augas residuais industriais, nunca foron sancionados até o momento por Augas de Galicia, malia superaren en moitos puntos os límites permitidos.

As cantidades de cadmio, cobre e zinc sobardan os máximos legais mesmo 1,5 quilómetros augas abaixo da mina.

Ademais, o fiscal volve sinalar a Xunta ao destacar que, "malia formar parte das instalacións mineiras, a autoridade mineira non esixiu aos sucesivos titulares a súa restauración e control" das balsas de residuos. Lembra o colapso dunha das presas e a contaminación provocada e que **desde a Dirección Xeral de Minas "non se obrigou á restauración" da zona afectada.**

Este desleixo é criticado polo fiscal e cre que o proceder é "como pouco cuestionábel" atendendo ao estado final e á conservación da área.

Pero esta realidade de desleixo e pasividade, non se limita ás minas de San Fins, xa que vemos un proceder semellante no Concello de Touro cos vertidos e recheos denunciados durante anos pola veciñanza, e onde nin Augas de Galicia nin a Consellería de Medio Ambiente actuaron con dilixencia para evitar constantes vertidos que afectaron aos regatos da zona, que desembocan no río Ulla.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:36
Nº Rexistro: 27754
Data envio: 12/03/2018 17:36:30.450

Neses regatos a imaxe é a mesma que nos vertidos producidos en San Fins, coa auga laranxa e coa destrución da flora e fauna acuática.

Varias denuncias de veciños atopáronse cun interminable camiño de burocracia e ineficacia administrativa, mentres a empresa seguía contaminando.

Na canteira de Miramontes, en Grixoa, Concello de Santiago, a veciñanza tivo que empregar toda a súa forza durante anos para que a Xunta de Galicia tomase cartas no asunto finalmente.

As analíticas feitas pola Consellería de Medio Ambiente demostraron a nefasta xestión da empresa de tecnosolos na canteira, xustamente o que viña denunciando a veciñanza durante tanto tempo.

A pregunta é: que clase de controis fai a administración pública e porque non se fixo isto de oficio.

Podemos falar tamén do acontecido en Monte Neme onde seguramente teremos que aturar durante anos o pasivo ambiental que deixou a empresa que explotou a canteira, Leitosa.

Ou podemos falar da actividade dalgunha louseira que actúa contra o medio ambiente e a veciñanza con total impunidade.

Son exemplos que parecen demostrar que non son excepcións, senón que son a norma nun país onde a Xunta de Galicia, e nomeadamente Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente non cumpren a función de control e sanción de comportamentos e accións que danan o medio ambiente e a calidade de vida da xente que vive no seu entorno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:36
Nº Rexistro: 27754
Data envio: 12/03/2018 17:36:30.450

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A norma parece ser a pasividade e a inacción, cando non a complicidade.

Polo exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

1) Considera o Goberno galego que está a cumprir a súa obriga na defensa do medio ambiente?
2) Por que non ten actuado no seu momento contra os vertidos no regato de San Fins?
3) Por que houbo que agardar a meses de mobilizacións da veciñanza de Grixoa para que actuasen?
4) Que controis se teñen feito en relación ás drenaxes ácidas nos regatos que desembocan no Ulla, no Concello de Touro?
5) Pensan que estes feitos outorgan fiabilidade ás promesas dun bo funcionamento futuro da explotación mineira de extracción de cobre que se pretende implantar en Touro?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:36
Nº Rexistro: 27754
Data envio: 12/03/2018 17:36:30.450

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Antón Sánchez García na data 12/03/2018 17:35:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 28232(10/INT-000910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico

Publicación da iniciativa, 284, 27.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 16:39
Nº Rexistro: 28232
Data envío: 20/03/2018 16:39:41.680

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O pasado 9 de marzo actual o ministro de Facenda e Función Pública asinou con CCOO, UGT e CSI-F o *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, tras manifestar que a mellora da situación económica e orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para acadar esta situación, conduce a un escenario no que se articula un acordo global e plurianual.

As partes asinantes consideran que a situación actual aconsella articular aspectos retributivos nun marco temporal axeitado, para dotar de estabilidade, certeza e seguridade nesta materia ás administracións públicas e ao persoal ao seu servizo. A mellora das condicións de traballo do persoal funcionario, laboral, estatutario, docente e ao servizo da Administración de Xustiza redundará de maneira directa nun incremento da calidade da prestación dos servizos públicos que recibe a cidadanía.

O acordo, en materia retributiva, formula un horizonte temporal a tres anos a incluír nas sucesivas leis orzamentarias, quedando a parte variable vencellada durante 2018, 2019 e 2020 ao crecemento da economía española e, no terceiro exercicio, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O acordo tamén recolle o incremento da Oferta de Emprego Público de 2018, con taxas adicionais para determinados sectores ou derivadas de incrementos de poboación.

En terceiro lugar, este acordo asume novos compromisos en materia de estabilidade do emprego público, xornada de traballo, conciliación e tratamento retributivo das situacións de incapacidade temporal, plans de igualdade, necesidades formativas e xubilación parcial.

Sen prexuízo daquelas materias acordadas que afectan a competencias básicas estatais, os demais aspectos recollidos neste acordo poderán ser obxecto de negociación nos seus respectivos ámbitos, incluído, no caso de Galicia, o noso sector público autonómico.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 16:39
Nº Rexistro: 28232
Data envio: 20/03/2018 16:39:41.680

Grupo Parlamentario

Considerando a transcendencia deste acordo en materia de emprego público, que debe ter xa reflexo no presente exercicio 2018 na nosa Administración autonómica.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos Socialistas de Galicia

Que previsións ten o Goberno galego para abordar coa maior urxencia a negociación para a mellora do emprego público e de condicións de traballo no sector público autonómico?

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/03/2018 12:57:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/03/2018 12:58:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/03/2018 12:58:13

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 12:58:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 28849(10/INT-000933)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28849
Data envío: 04/04/2018 16:15:02.636

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017 pódese ler que o programa 423B Prevención do abandono escolar, trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, é necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

Os destinatarios deste importante programa son os centros educativos que imparten ensino non universitario entre cuxo alumnado haxa unha proporción significativa do alumnado en desvantaxe desde o punto de vista educativo, cuxas posibles causas poden ser a de pertenza a familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, situación nunha contorna con escaseza de recursos educativos, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna igual ou diferente da utilizada no centro, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
2. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
3. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
4. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
5. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
6. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28849
Data envio: 04/04/2018 16:15:02.636

7. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
8. Apoiar os concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais.
9. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución, así como a súa execución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria neste ámbito é cuestionable.

Así, dunha dotación inicial de 19.701.000 €, fixose unha modificación orzamentaria que o rebaixou a 13.496.000 € o que supón unha redución do 32,1 % (de feito este programa é o que maior redución orzamentaria experimentou, duplicando a experimentada polo 422 E Ensinanzas artísticas que ocupa o segundo lugar en redución de orzamento inicial).

Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 96 % e o programa que menor execución orzamentaria presenta; debemos ter en conta que si consideramos que se executaron 12.950.000 € o que supón o 65,7 % do consignado inicialmente (19.701.000 €) e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal foi o motivo polo que o Goberno galego reduciu un 32,1 % o orzamento inicial do programa 423 B, Prevención do abandono escolar no ano 2017?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que coa cantidade executada foron atendidas as necesidades existentes?

3ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como se xustifica que para o ano 2018 este programa conte cun orzamento de 23.121.879 €, cantidade que duplica o executado no 2017?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28849
Data envio: 04/04/2018 16:15:02.636

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2018 12:52:42

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2018 12:52:51

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 29467(10/POPX-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cambio da política forestal do Goberno galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 18:25
Nº Rexistro: 29467
Data envio: 16/04/2018 18:25:21.172

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo considera que o seu goberno está á altura do reto de cambiar a política forestal e o abandono do medio rural?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2018 18:23:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 29468(10/POPX-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación das políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 18:26
Nº Rexistro: 29468
Data envio: 16/04/2018 18:26:51.734

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como avalía as políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/04/2018 17:05:56

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 29469(10/POPX-000087)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o nivel de utilización da totalidade dos recursos dispoñibles para solucionar o problema do desemprego que padece Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 18:29
Nº Rexistro: 29469
Data envio: 16/04/2018 18:29:46.656

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, ante a situación de desemprego que sufre o país, considera racional non utilizar tódolos recursos dispoñibles para atacar este problema?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 16/04/2018 17:48:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 22806(10/POP-002753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22806
Data envio: 11/01/2018 15:01:00.011

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

A optimización dos medios públicos, a eficacia, a eficiencia e a racionalización na xestión, constitúen logros no xeito de facer da Xunta de Galicia. Uns principios que o Goberno galego vén impulsando tamén noutras administracións, a través de iniciativas como o apoio á fusión voluntaria de concellos ou a promoción da xestión conxunta de servizos municipais.

No ámbito da promoción da xestión conxunta sen chegar á fusión, cómpre sinalar que en febreiro de 2013, o Consello da Xunta acordou a necesidade de priorizar, nas ordes de axudas xestionadas pola Xunta de Galicia, aquelas solicitudes que implicasen a xestión compartida dun servizo ou infraestrutura entre dous ou máis concellos. Esta aposta blindouse con rango legal a través do artigo 60 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O traballo conxunto entre os municipios debe fomentarse por responsabilidade política, económica, social e cultural. Canto máis para un obxectivo como o de chegar a unha igualdade real e efectiva, eliminar a fenda de xénero, reducir os datos de violencia, fomentar a corresponsabilidade e conciliación laboral, familiar e persoal, reducir o desemprego feminino e, en definitiva para levar a cabo un traballo en igualdade que abrange a toda Galicia, sen distincións de rural, urbano, zona costeira ou de interior.

Contamos na nosa comunidade autónoma con 80 Centros de Información á Muller onde se traballa contra a violencia de xénero dun xeito multidisciplicar con letrados/as, psicólogos/as e traballadores/as sociais e a atención é transversal velando non só pola vítima senón tamén polas persoas menores, maiores ou aqueloutras que convivan coa mesma, así como ao colectivo LGTBI. Ninguén queda excluído.

Moitos destes centros fan un traballo compartido, xa que a súa labor abrangue varios concellos. Deste xeito dende o ano 2013 a Orde de axudas que financia ós CIMs é unha das que priman aos concellos que compartan o servizo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte Pregunta Oral en Pleno**:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22806
Data envio: 11/01/2018 15:01:00.011

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

-Cal é o balance que fai a Xunta dos resultados do fomento da xestión compartida dos Centros de Información á Muller de Galicia?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/01/2018 14:59:12

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 14:59:22

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2018 14:59:32

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2018 14:59:46

Paula Prado Del Río na data 11/01/2018 14:59:55

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2018 15:00:06

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2018 15:00:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 27713(10/POP-003279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27713
Data envio: 12/03/2018 13:46:21.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao impacto da fenda salarial na economía galega e as medidas a tomar.

As consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais teñen contribuído a profundar na desigualdade social. Máis aínda, constátase como as súas consecuencias impactan de forma máis intensa sobre as mulleres. Deste xeito, malia o momento económico de superación do ciclo de recesión, na actualidade somos as mulleres quen ocupamos as peores porcentaxes de traballo precario, temporal, parcial e bolsas de traballo fóra da lei nun marco onde a lexislación e a inspección son aínda insuficientes. A taxa de paro das mulleres é aínda maior que a dos homes e dende que goberna Feijóo incrementouse en case 5 puntos, o que supón un incremento do 42%.

Segundo o informe *Situación laboral das mulleres en Galiza (ano 2017)* publicado pola Confederación Intersindical Galega en marzo de 2018, con base aos datos da Axencia Tributaria, durante o ano 2016 a fenda salarial entre homes e mulleres situouse no 22,3% en Galiza, dúas décimas máis que o ano anterior. Neste senso, tamén segundo o último informe publicado polo persoal técnico de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27713
Data envio: 12/03/2018 13:46:21.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Facenda (Gestha), baixo o título *Fenda salarial e teito de vidro*, a desigualdade entre as mulleres traballadoras e os homes está situada no 28,7% sendo a media estatal do 29,1. Malia as diferentes estimacións, estes e outros cálculos sitúan a fenda dos salarios nunha perda de máis de 4.000 euros ao ano para as mulleres. Esta situación é froito dunha maior temporalidade, parcialidade e precariedade laboral alén das consecuencias derivadas do mantemento e reprodución do rol patriarcal e machista que impón ás mulleres a asunción do coidado das crianzas e persoas dependentes.

Cómpre engadir tamén que esta desigualdade esténdese tamén ao ámbito do traballo non remunerado, na que o reparto das responsabilidades e de tarefas de coidados continúan recaendo máis sobre as mulleres do que sobre os homes. Así mesmo, a falta de desenvolvemento e cumprimento do marco legal vixente en materia de igualdade, repercute negativamente nesta situación.

A permanencia da fenda salarial é unha preocupación non só sindical e social de ámbito galego ou estatal, senón que internacionalmente e no marco europeo tamén ten ocupado as deliberacións de diferentes organismos. Neste sentido, en novembro de 2017 a Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo a respecto do Plan de Acción da Unión Europea 2017-2019 Abordar a fenda salarial entre homes e mulleres recóllese a constatación de que "*As mulleres da UE, en todos os sectores da economía, gañan de media un 16 % menos que os homes. Esta fenda de xénero permaneceu estábel durante os últimos 5 anos. Co ritmo de cambio actual, só se pecharía ao inicio do próximo milenio. O recente*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27713
Data envio: 12/03/2018 13:46:21.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estancamento presenta interrogantes sobre a necesidade de reforzar e adaptar as iniciativas existentes".

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:46
Nº Rexistro: 27713
Data envio: 12/03/2018 13:46:21.710

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:41:44

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:41:49

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:41:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:41:53

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:41:54

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:41:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 28667(10/POP-003373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir no futuro a seguridade das persoas que visiten a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 28667
Data envio: 02/04/2018 18:27:31.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a xestión das visitas na praia das Catedrais, no Concello de Ribadeo, a avaliación dos riscos e as medidas para garantir a seguridade de quen visita este espazo natural.

Na ponte de Pascua, o 31 de marzo, unha turista de Valladolid faleceu despois de lle caer unha pedra na cabeza mentres visitaba a Praia das Catedrais, no Concello de Ribadeo, concretamente o interior dunha das covas do areal.

A traxedia, que supón unha perda persoal irreparábel, obríganos a analizar as medidas adoptadas até o de agora no marco do Plan de conservación deste espazo natural así como a avaliación de riscos para as persoas que visitan as Catedrais, toda vez que o noso país estivo atinxido por fortes temporais nesas datas.

Neste senso, distintas voces da Universidade aseguraron ter advertido dos riscos que carrexaba para a poboación o deterioro das rochas (arcos e covas) causado polo vento e a auga así como a presión turística que sufre de maneira continuada o espazo (visitado por case 5 mil persoas diarias en temporada alta, incluída a Pascua).

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 28667
Data envio: 02/04/2018 18:27:31.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois do accidente, ten desenvolvido ou pensa desenvolver o Goberno galego algunha medida para evitar que se volva producir algo semellante?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2018 18:26:58

María Montserrat Prado Cores na data 02/04/2018 18:27:05

Ana Pontón Mondelo na data 02/04/2018 18:27:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/04/2018 18:27:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 28667
Data envio: 02/04/2018 18:27:31.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2018 18:27:10

Xosé Luis Bará Torres na data 02/04/2018 18:27:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 27837(10/POP-003288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o 8 de agosto de 2017

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:26
Nº Rexistro: 27837
Data envio: 13/03/2018 17:26:09.721

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Ao comezo da lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia avanzando, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobús, como mediante o impulso das infraestruturas necesarias.

Nestes últimos tempos, gran parte do traballo realizado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda estase a centrar, precisamente, na modernización do transporte de viaxeiros por estrada.

Ao longo do pasado ano a Consellería levou a cabo un intenso traballo de planificación co obxectivo de garantir o servizo de transporte a todos os galegos, tras as renuncias de certas empresas a seguir coa prestación do servizo; pero tamén, encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, fundamentalmente no rural.

Un traballo que culminaba o pasado 8 de agosto coa posta en marcha da 1ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia que abrangueu, fundamentalmente, as provincias de Ourense e de Lugo, pero tamén algunha zona concreta das provincias da Coruña e de Pontevedra.

Recentemente, máis concretamente o pasado 16 de febreiro, o Goberno galego anunciaba xa a licitación dos estudos correspondentes a unha 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia, cun investimento de 2,7 millóns de euros, co obxectivo de que Galicia teña, en 2020, un servizo de transporte moderno e acorde ás necesidades reais dos cidadáns.

É por iso que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta da 1ª fase do Plan de transporte público de Galicia, posta en marcha o pasado 8 de agosto?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:26
Nº Rexistro: 27837
Data envio: 13/03/2018 17:26:09.721

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 13/03/2018 17:24:00

Jaime Castiñeira Broz na data 13/03/2018 17:24:10

Jacobo Moreira Ferro na data 13/03/2018 17:24:18

Marta Novoa Iglesias na data 13/03/2018 17:24:27

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/03/2018 17:24:34

Gonzalo Trenor López na data 13/03/2018 17:24:51

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/03/2018 17:25:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 27099(10/POP-003222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27099
Data envio: 28/02/2018 14:17:46.649

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos estudos necesarios para as autorizacións de implantación de grandes centros comerciais.

Galicia ten case un millón de metros cadrados ocupados por centros comerciais. Supoñen neste momento 39 centros comerciais operativos: 18 na Coruña, 16 en Pontevedra, 3 en Lugo e 2 en Ourense.
De aquí ao 2020 está prevista a construción doutros 400.000 metros cadrados, o 20% da totalidade dos proxectados en toda España.

Fondos de investimento internacionais e promotores impulsan cinco novos centros comerciais, todos eles no sur de Galicia (dous na provincia de Ourense e tres na de Pontevedra), que suman eses 400.000 metros cadrados.

Nestes momentos A Coruña acapara máis da metade da actual oferta de grandes áreas de compras: 530.829 metros dun total de 916.029 en toda Galicia. Entre os proxectos máis avanzados está o parque comercial de San Cibrao das Viñas (Ourense) promovido por Kronos Properties, cunha superficie comercial de 18.500 metros cadrados. Ten prevista a súa apertura no primeiro semestre do 2019. Nese mesmo período de tempo abrirá tamén en Ourense Leroy Merlín unha instalación comercial de 10.000 metros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27099
Data envio: 28/02/2018 14:17:46.649

As maiores operacións de futuro están situadas en Vigo. Alí está proxectado para 2020 o proxecto de Vialia na estación do AVE cunha superficie construída de 90.476 metros.

O fondo británico Eurofund Capital Partners mantén o plan de construír en Vigo o maior centro comercial de Galicia, de 500.000 metros cadrados de superficie a pesar da controversia que suscita. Unha iniciativa imposible de desenvolver co vixente plan urbanístico da cidade. O fondo de investimento tenta eludir este plan coa colaboración da Xunta de Galicia para que declare o proxecto de carácter supramunicipal, o que permitiría a Eurofund saltarse a nulidade do plan xeral.
No veciño municipio de Mos está en fase inicial de estudos o centro comercial de 120.000 metros cadrados da Cidade Deportiva do Celta, que tamén esixiría modificacións da normativa urbanística.

Como vemos polos datos anteriores, as maiores superficies galegas están en mans de fondos internacionais de capital risco, que consideran estes investimentos meramente especulativos e non dubidan en pechalas de maneira fulminante se non conseguen os resultados a curto prazo que consideran necesarios. Isto é o que está a pasar en Estados Unidos con peches en cadea de grandes espazos.

Esta situación de concentración da propiedade da superficie comercial en Galicia, moi superior á doutras zonas de España e Europa, en mans de fondos especulativos é un risco enorme para a diversidade do ecosistema comercial xa que canibaliza e destrúe o pequeno comercio nos centros das cidades con todas as consecuencias negativas que iso implica para un desenvolvemento social sustentable das mesmas e afecta moi negativamente ao seu atractivo de face aos visitantes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27099
Data envio: 28/02/2018 14:17:46.649

Supoñen ademais, estes grandes centros, unha diminución inasumible de posibilidades de mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nos centros e os barrios das cidades.

Os prezos de aluguer da superficie comercial nos grandes centros é inasumible para iniciativas da pequena empresa o que leva a que estes centros estean copados polas grandes marcas e as súas franquías. Isto limita moitísimo a capacidade de innovación e desenvolvemento de novas iniciativas de capital e emprendemento local e as súas posibilidades de desenvolvemento tanto en Galicia como noutros territorios a partir dunha forte implantación local.

Tamén esta concentración masiva, polo comentado no parágrafo anterior, reduce de maneira drástica a diversidade comercial, o que resta atractivo ás cidades, que non poden ofrecer aos visitantes zonas comerciais diferenciadas e con valores e produtos autóctonos que o visitante non pode atopar nos seus lugares de orixe.

Ante todo isto consideramos que non se pode seguir con esta barra libre, para os grandes fondos de capital especulativo, para implantar de maneira masiva centros comerciais sen antes estudar a fondo as súas consecuencias en todo o comercio local naquelas zonas onde xa se instalaron e nas que se proxectan para o futuro.

Ante todo o exposto, **En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

- Ten realizada a Xunta de Galicia algún informe das consecuencias para o comercio local, para os pequenos propietarios de locais comerciais, e a destrución de emprego que implica, da implantación de grandes superficies comerciais?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 27099
Data envio: 28/02/2018 14:17:46.649

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/02/2018 14:08:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 29466(10/PUP-000158)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do posible nomeamento da actual subdirectora xeral de Farmacia como alto cargo do Ministerio de Sanidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 18:07
Nº Rexistro: 29466
Data envio: 16/04/2018 18:07:38.750

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno,** relativa ao posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade á actual subdirectora xeral de Farmacia.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada pola necesidade de tratar de xeito inmediato este asunto para poder adoptar solucións o antes posible.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter urxente:**

- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o posible nomeamento de Carolina González-Criado?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 18:07
Nº Rexistro: 29466
Data envio: 16/04/2018 18:07:38.750

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/04/2018 18:04:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 26308(10/POP-003133)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26308
Data envio: 15/02/2018 18:44:30.890

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, nace co obxectivo principal de garantir o respecto á calidade de vida e a dignidade das persoais enfermas terminais, identificando como factores determinantes da calidade de vida compoñentes como o benestar físico, psicolóxico ou socioeconómico.

Atópanse entre os principios básicos da Lei, a protección da dignidade da persoa no proceso final da súa vida así como a salvagarda da intimidade, confidencialidade, liberdade e vontade así como o dereito a recibir coidados paliativos integrais.

Neste sentido, resulta de especial transcendencia artigos como o 11, no que se estipula que as persoas en fase terminal teñen dereito a que se lles proporcionen os coidados paliativos no lugar que, tendo en conta as súas preferencias sexa o máis axeitado ás súas circunstancias persoais, familiares e sociais, así como a necesidade de implantar este tipo de coidados na atención domiciliaria ou a creación da Comisión Galega de Coidados Paliativos como instrumento encargado da implantación, impulso e seguimento do Plan Galego de Coidados Paliativos en todas as áreas sanitarias.

Nun sentido parecido en canto as preferencias e circunstancias se refire, o artigo 9.2 da norma, recolle a necesidade de que os centros e institucións sanitarias e socio-sanitarias garantan as mellores condicións relativas ao confort, pudor e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26308
Data envio: 15/02/2018 18:44:30.890

GRUPO PARLAMENTAR en marea

intimidade así como o dereito á estancia nunha habitación individual, salvo que circunstancias excepcionais o xustifique.

Con todo, vivimos actualmente un desmantelamento paulatino e programado da sanidade pública, polo que moitos dos dereitos asistencias da poboación galega están sendo atacados polas políticas do Goberno en materia de sanidade. Os dereitos recollidos nesta Lei non son menos e tanto pacientes como profesionais están a denunciar incumprimento de preceptos legais contidos na norma.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Que seguimento está a facer a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento da Lei?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:38:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 27591(10/POP-003270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 10 máis

Sobre os avances e novidades producidas nos últimos meses no proxecto para a construción do Gran Hospital de Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 08/03/2018 14:33:17.819

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Núñez Centeno, Guadalupe Murillo Solís, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo de 2016, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional. Estes documentos elaboráronse acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxestións, etc. tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios dos centos integrantes do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

No DOG de 9 de agosto de 2017 publicouse o anuncio e licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteproxecto para a reforma e ampliación do Hospital de Montecelo (Pontevedra), e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que avances e novidades se teñen producido nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27591
Data envio: 08/03/2018 14:33:17.819

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Jacobo Moreira Ferro na data 08/03/2018 14:30:59

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/03/2018 14:31:14

María Guadalupe Murillo Solís na data 08/03/2018 14:31:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/03/2018 14:31:24

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/03/2018 14:31:26

Marta Rodriguez Arias na data 08/03/2018 14:31:31

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/03/2018 14:31:45

María Soraya Salorio Porral na data 08/03/2018 14:31:52

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2018 14:31:56

Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2018 14:32:06

Sandra Vázquez Dominguez na data 08/03/2018 14:32:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 28493(10/POP-003352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 13:47
Nº Rexistro: 28493
Data envío: 26/03/2018 13:47:51.882

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O luns 6 de febreiro publicábase non DOG ós 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia solanivora) , 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a "campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia solanivora)", a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería de Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca.

O venres 20 de outubro publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

O domingo 25 de marzo coñecemos pola prensa que o concello de Muxía, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca (Tecia solanivora).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 13:47
Nº Rexistro: 28493
Data envio: 26/03/2018 13:47:51.882

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron as causas polo que se expandiu a praga da couza guatemalteca a un concello que non estaba afectado?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/03/2018 12:26:47

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/03/2018 12:26:53

María Dolores Toja Suárez na data 26/03/2018 12:26:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.04.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 28662(10/POP-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros Pesca I e Pesca II das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:06
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 02/04/2018 18:06:38.507

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para súa resposta oral en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

No ano 2005, o Sr. Enrique López Veiga, naquel momento conselleiro do Mar mercou dous Sikorsky S-76 C+, os coñecidos como Pesca 1 e Pesca 2, segundo a consellaría, eran os helicópteros que mellor se adaptaban ás costas galegas. Como a Xunta non tiña persoal propio, tal como rescatadores, mecánicos, pilotos … etc, subcontratou con INAER, actualmente BABCOCK ESPAÑA, ese persoal.

Posteriormente, no ano 2012, a Xunta, decidiu malvender os dous Sikorsky S-76 C+. Esta xestión foi duramente criticada polo Consello de Contas, en canto a que se omitiron os procedementos legalmente establecidos e que se acudiu a un trámite excepcional, en lugar de seguir os procedementos legais. O comprador foi INAER, empresa coa que posteriormente se estableceu un contrato de 5 anos para operar as aeronaves.

En outubro de 2017, ante un primeiro concurso que quedou deserto, a Consellería do Mar lanzou unha consulta ao mercado para determinar cal debería ser o custe do servizo. Posteriormente, o segundo concurso resolveuse a favor, novamente, da mesma empresa que viñera prestando os servizos.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, isto resúmese en poucas palabras: trátase dunha sucesión de operacións, que implicaron todas elas maiores custes para Galicia, que unicamente beneficiaron e benefician a unha empresa adxudicataria, e puxeron de relevo a incapacidade de xestión do Goberno Feijóo con respecto aos fondos públicos.

Acabase de facer público que os Sikorsky S-76 C+, xubilados no ano 2012, segundo os argumentos da consellería do Medio Rural e do Mar, naquel momento, por obsoletos, e non adaptarse ás costas galegas, e para optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente, están a ser utilizados por parte da empresa concesionaria coa aprobación da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:06
Nº Rexistro: 28662
Data envio: 02/04/2018 18:06:38.507

Grupo Parlamentario

Por todo isto a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como garante o Goberno galego o cumprimento das condicións técnicas necesarias para o desenvolvemento do salvamento marítimo, cando se están a utilizar unhas aeronaves que foron descartadas polo propio Goberno no ano 2012 por non cumpriren as ditas condicións?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/04/2018 18:03:30

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2018 18:03:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es